



Concello de San Cristovo de Cea (Ourense)

Praza Maior, 1. C.P. 32130 Cea-Ourense. Tfno.: 988.282.000 – Fax.: 988.282.008 – C.I.F.: P-3207700-J

E-mail: concellodecea@yahoo.es



O programa “Xantar na Casa” concíbese como un programa de atención aos colectivos de persoas maiores e persoas en situación e/ou risco de exclusión social. Ten como finalidade mellorar a calidade de vida das persoas, prestando un apoio dentro do propio domicilio, que se topan cunha serie de limitacións e que lles impide ter unha adecuada cobertura alimenticia.

O Programa “Xantar na Casa” é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades de persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

O obxectivo principal deste programa é, polo tanto, mellorar o nivel de benestar e de calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes, e tamén das súas familias, manténdooas no seu contorno comunitario e retardando ou evitando a institucionalización.

Dende o mes de decembro de 2008, o Concello de San Cristovo de Cea, puxo en marcha este servizo para atender á poboación maior e/ou dependente, proporcionándolles deste xeito unha alimentación sana e equilibrada. Os beneficiarios deste programa reciben semanalmente diferentes menús propios da cociña Galega tradicional.